



NOTA DE PRENSA 27 de agosto 2019

## Comeza a vendima na D.O. Ribeira Sacra

**Adega Damm S.L. da subzona de Amandi** inicia este mércores, 28 de agosto, os traballos de recollida de uva. Entre tanto, os técnicos do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, realizan os controis de maduración que axudarán a fixar unha data oficial para o inicio xeneralizado da vendima nesta Denominación.

Os controis de maduración realízanse sempre nas mesmas parcelas, representativas das cinco subzonas e con uvas de distintas variedades. Cos resultados, o departamento técnico do Consello elaborará un informe que presentará a pleno para que se **fixe a data oficial recomendada para o inicio da vendima**.

As condicións climatolóxicas foron favorables e non se detectaron pragas nin fungos que afectasen significativamente ás cepas. O estado sanitario das uvas promete ser óptimo e fai confiar nunha colleita superior aos 7 millóns de quilos de uva. A partir desta semana coñeceranse máis datos sobre a calidade da uva e o seu grao de maduración.

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra  
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España  
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265  
Comunicación: Marta 698 167 991  
Email: [comunicacion@ribeirasacra.org](mailto:comunicacion@ribeirasacra.org)